



## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**15766** REAL DECRETO 1109/2007, do 24 de agosto, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción. («BOE» 204, do 25-8-2007.)

A Declaración para o diálogo social «Competitividade, emprego estable e cohesión social», subscrita o 8 de xullo de 2004 polo Goberno, a Confederación Española de Organizacións Empresariais, a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa, Comisións Obreiras e a Unión Xeral de Traballadores, propuxo un novo modelo de crecemento económico equilibrado e duradeiro baseado na competitividade das empresas como medio para acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego e de benestar social.

A Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, é clara expresión dese novo modelo, que aposta por unha maior calidade do sistema produtivo español. Por unha banda, empresas máis profesionalizadas, coa estrutura e medios adecuados para garantir unha maior produtividade e eficiencia empresarial; pola outra, uns recursos humanos con maior estabilidade no emprego e con mellor formación e especialización. Todo isto, combinado cunha mellor ordenación do réxime de subcontratación que garante que a descentralización achega unha maior eficiencia e especialización á produción, eliminando aquelas subcontrata-

cións que son improdutivas desde o punto de vista económico e, sobre todo, prexudiciais para a seguranza e a saúde dos traballadores.

A plena efectividade da Lei 32/2006, do 18 de outubro, fai necesario definir con celeridade aqueles aspectos que requiren o desenvolvemento regulamentario. De feito, a Estratexia Española de Seguranza e Saúde no Traballo (2007-2012), que foi apoiada polo Pleno da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo do 28 de xuño de 2007 e aprobada polo Consello de Ministros un día despois, inclúe a aprobación do desenvolvemento regulamentario da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción como parte do seu obxectivo 1, dirixido a «lograr un mellor e máis eficaz cumprimento da normativa, en especial polas pequenas e medianas empresas».

Son catro os aspectos nos cales a Lei 32/2006, do 18 de outubro, chama ao regulamento: o Rexistro de Empresas Acreditadas, o libro de subcontratación, as regras de cómputo das porcentaxes de traballadores indefinidos marcados na lei e a simplificación documental das obrigas establecidas para as obras de construción no ordenamento xurídico.

En correspondencia coas necesidades de desenvolvemento regulamentario mencionadas, o real decreto estruturábase en catro capítulos. O primeiro deles recolle as disposicións xerais relativas ao obxecto e ao ámbito de aplicación da norma regulamentaria. O segundo capítulo regula o réxime de funcionamento dos rexistros de empresas acreditadas dependentes das autoridades laborais autonómicas. Os rexistros teñen como fin permitir o acceso público aos datos identificativos das empresas inscritas, esencialmente a través do acceso público aos seus datos e da emisión de certificacións relativas ás inscricións practicadas. As empresas contratistas e subcon-

tratistas deberán inscribirse no rexistro, renovar a inscrición cada tres anos e solicitar a cancelación da inscrición cando deixen de cumprir os requisitos previstos para a entrada e permanencia no rexistro; noutro caso, a autoridade laboral poderá proceder á cancelación de oficio desa inscrición. Para levar a cabo estas obrigas, configúranse uns procedementos administrativos en que prima a axilidade e a simplificación dos trámites, co dobre obxectivo de favorecer a seguranza xurídica e facilitar o tráfico económico.

No capítulo III desenvólvense os aspectos relativos ao cómputo dos traballadores contratados con carácter indefinido polas empresas do sector, xunto cunhas previsións mínimas respecto da formación dos recursos humanos, necesarias para a práctica das inscricións no rexistro. En canto ás regras de cómputo do cadro de persoal, óptase por unha regra innovadora no noso ordenamento, caracterizada por dous aspectos: a flexibilidade no cómputo, ao tomar un período de referencia de doce meses con obxecto de evitar exixencias desproporcionadas que resultarían de aplicar as regras de forma diaria ou mensual; e a estrita proporcionalidade que se mantén na exixencia da porcentaxe, ao tomar como base os días traballados por traballadores temporais e indefinidos durante eses doce meses.

O capítulo IV desenvolve regulamentariamente o libro de subcontratación. Determínase o seu formato, a súa habilitación pola autoridade laboral e o seu réxime de funcionamento, precisando aspectos tales como a práctica das anotacións, o acceso á información por outros suxeitos intervinientes nas obras de construción ou as autorizacións excepcionais da dirección facultativa, nos casos en que están previstas por se superaren os niveis de subcontratación previstos no artigo 5 da Lei 32/2006, do 18 de outubro.

O real decreto complétase con seis disposicións adicionais, tres transitorias, unha disposición derogatoria e catro derradeiras. Nelas realízase un exercicio de simplificación do marco regulador das obras de construción, en desenvolvemento do artigo 8.3 da Lei 32/2006, do 18 de outubro. En primeiro lugar, refúndense os dous instrumentos configurados legalmente para o control e garantía dos dereitos dos traballadores nos casos de descentralización produtiva: o libro de subcontratación e o libro rexistro de contratas e subcontratas previsto no artigo 42.4 da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobada polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. Xunto ao anterior, redúcense os supostos en que deben remitirse á Inspección de Traballo e Seguridade Social as anotacións realizadas no libro de incidencias, limitándoos aos casos de risco grave e inminente e aos de incumprimento de advertencias previas do coordinador; e, finalmente, elimínase a necesidade de actualización do aviso previo, salvo nos casos de cambio de contratista ou de coordinador de seguranza e saúde, na medida en que esa información quedará mellor precisada e actualizada no libro de subcontratación de cada contratista.

Polo demais, cómpre destacar a importancia que no real decreto cobra o réxime transitorio, que garante a plena efectividade das novas obrigas nun prazo razoable para que o sector e as propias autoridades laborais asuman as responsabilidades que implica este novo conxunto normativo.

Finalmente, inclúense tres anexos, o primeiro dos cales recolle o contido mínimo das solicitudes de inscrición, de renovación e de cancelación, así como de comunicación de variación de datos; o segundo recolle os códigos identificativos das autoridades laborais; mentres que o terceiro establece o modelo oficial de libro de subcontratación.

Este real decreto dítase en virtude do previsto na disposición derradeira segunda da Lei 32/2006, do 18 de outubro.

O real decreto foi consultado ás comunidades autónomas e ás organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de agosto de 2007,

## DISPÕÑO:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

##### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción.

##### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación aos contratos que se subscriban, en réxime de subcontratación, para a execución dos seguintes traballos realizados en obras de construción:

Escavación; movemento de terras; construción; montaxe e desmontaxe de elementos prefabricados; acondicionamentos ou instalacións; transformación; rehabilitación; reparación; desmantelamento; derrubamento; mantemento; conservación e traballos de pintura e limpeza; saneamento.

### CAPÍTULO II

#### Rexistro de Empresas Acreditadas

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> INSCRICIÓN DE CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS

##### Artigo 3. *Obriga de inscrición.*

1. As empresas que pretendan ser contratadas ou subcontratadas para traballos nunha obra de construción deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas Acreditadas.

Para tal efecto, as empresas, con carácter previo ao inicio da súa intervención no proceso de subcontratación no sector da construción como contratistas ou subcontratistas e de acordo co modelo establecido no anexo I.A, solicitarán a súa inscrición no rexistro dependente da autoridade laboral competente.

2. Igualmente, as empresas deberán comunicarlle á autoridade laboral competente calquera variación que afecte os datos identificativos da empresa incluídos na solicitude. Esta comunicación deberá realizarse dentro do mes seguinte ao feito que as motiva, consonte o modelo establecido no anexo I.B.

##### Artigo 4. *Contido da solicitude e declaración anexa.*

1. A solicitude de inscrición deberá conter os seguintes datos:

- a) Nome da empresa e, se é o caso, da persoa que a represente, así como a identificación do medio preferente ou do lugar que se sinale para os efectos de notificacións.
- b) Domicilio.
- c) Número de identificación fiscal.
- d) Código de conta de cotización principal da Seguridade Social.

e) Actividade da empresa, identificada segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas.

f) Sinatura do solicitante, lugar e data.

2. Á solicitude de inscrición xuntaráselle unha declaración subscrita polo empresario ou o seu representante legal relativa ao cumprimento dos requisitos previstos nos puntos 1 e 2 a) do artigo 4 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, así como a documentación acreditativa de que a empresa dispón dunha organización preventiva adecuada á Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e de que dispón de recursos humanos, no seu nivel directivo e produtivo, que contan coa formación necesaria en prevención de riscos laborais.

#### Artigo 5. *Procedemento da inscrición.*

1. A solicitude de inscrición dirixirase ao Rexistro de Empresas Acreditadas dependente da autoridade laboral competente. Poderase presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. De a solicitude reunir os requisitos previstos neste real decreto, procederase a efectuar a inscrición da empresa contratista ou subcontratista no rexistro.

En tal caso, a autoridade laboral asignará unha clave individualizada de identificación rexistral, que será única para cada empresa e para todo o territorio nacional. A clave estará formada por un total de once díxitos: os dous primeiros serán identificativos da autoridade laboral competente de acordo coa táboa de asignación que figura no anexo II; os dous seguintes corresponderán, de ser o caso, ao código interno que desexa asignarlle esa autoridade laboral, e os sete últimos recollerán o número de orde de inscrición asignado a cada empresa.

3. De a solicitude non reunir os datos e documentos sinalados no artigo 4 ou de non se acreditar a representación por calquera medio admitido en dereito, requirirase o solicitante para que, no prazo de dez días, proceda á oportuna corrección, advertíndolle que, de non o facer así, será tido por desistido da súa petición, tras resolución previa ditada para o efecto.

4. Só se poderá denegar a inscrición no rexistro de a solicitude ou a declaración anexa non reuniren os datos ou non xuntaren os documentos establecidos neste real decreto. Nestes casos, a autoridade laboral ditará resolución denegatoria da inscrición no prazo de quince días desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, e notificarao nos dez días seguintes.

5. En todo o non previsto neste capítulo será aplicable a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 6. *Efectos da inscrición e renovación desta.*

1. A inscrición no rexistro, que será única e terá validez en todo o territorio nacional, permitiralles ás empresas incluídas nel intervir na subcontratación no sector da construción como contratistas ou subcontratistas.

A inscrición terá un período de validez de tres anos, renovables por períodos iguais. Para tal efecto, as empresas deberán solicitar a renovación da súa inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas dentro dos seis meses anteriores á expiración da súa validez e de acordo co modelo establecido no anexo I.A.

Se, transcorrido o período de validez da inscrición, non se solicitou en prazo a súa renovación, entenderase automaticamente cancelada esta no rexistro.

2. A inscrición non exime a empresa inscrita da obriga de xustificar en calquera momento, cando sexa

requirida para iso pola autoridade laboral, o mantemento dos requisitos previstos nos números 1 e 2 a) do artigo 4 da Lei 32/2006, do 18 de outubro.

3. Cando a empresa comitente obteña certificación relativa á inscrición no rexistro dunha empresa subcontratista, entenderase que cumpriu co seu deber de vixiar o cumprimento por esa empresa subcontratista das obrigas establecidas no artigo 4, números 1 e 2, da Lei 32/2006, do 18 de outubro. En tal caso, a empresa comitente quedaría exonerada durante a vixencia do contrato e para unha soa obra de construción da responsabilidade prevista no artigo 7.2 da citada lei para o suposto de incumprimento polo dito subcontratista das obrigas de acreditación e rexistro.

O indicado no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo das obrigas e responsabilidades establecidas noutras disposicións sociais. En todo caso, será exigible a responsabilidade establecida nos artigos 42 e 43 do Estatuto dos traballadores cando se dean os supostos previstos neste.

4. A certificación prevista neste artigo deberá ter sido solicitada dentro do mes anterior ao inicio da execución do contrato e deberá ser emitida polo órgano competente no prazo máximo de dez días naturais desde a recepción da solicitude e terá efectos con independencia da situación rexistral posterior da empresa afectada.

#### Artigo 7. *Cancelación da inscrición.*

1. As empresas deberán solicitar a cancelación da inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas cando cesen na actividade que determina a súa inclusión no ámbito de aplicación deste real decreto ou cando deixen de cumprir os requisitos exixidos legalmente para a inscrición.

A solicitude poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro; deberá dirixirse á autoridade laboral competente e deberá formularse dentro do mes seguinte ao feito que a motiva, utilizando o modelo establecido no anexo I.C.

2. A autoridade laboral competente poderá cancelar de oficio a inscrición das empresas inscritas no seu rexistro cando, polos datos existentes no seu poder, como consecuencia da actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social ou por calquera outro procedemento, teña coñecemento de que a empresa se encontra nun dos supostos sinalados no punto anterior.

#### Artigo 8. *Procedementos de renovación e cancelación da inscrición e comunicacións de variación de datos.*

1. As solicitudes de renovación ou de cancelación da inscrición, así como as comunicacións de variación de datos a que se refire o artigo 3.2, tramitaranse segundo o procedemento previsto no artigo 5, no que lles sexa aplicable e coas seguintes peculiaridades:

a) Nos procedementos de renovación, a presentación da solicitude dentro do prazo establecido prorrogará a validez da inscrición, salvo que se produza resolución denegatoria e ata a data de notificación desta.

b) Cando a empresa cambie de domicilio e isto determine a competencia dunha autoridade laboral diferente para efectos de inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas, dirixiráselle unha comunicación de variación de datos á autoridade laboral competente por razón do novo domicilio. A comunicación determinará a inscrición da empresa no novo rexistro polo tempo que restaba ata a súa renovación e producirá a cancelación automática da inscrición no rexistro anterior.

2. O procedemento de cancelación de oficio iníciase por acordo da autoridade laboral competente da cal dependa o rexistro, que se lle notificará á empresa afectada e que conterá unha relación sucinta dos datos que



constan en poder da autoridade laboral dos cales poida resultar que a empresa se encontra en calquera dos supostos de cancelación previstos no artigo 7.2.

A empresa disporá dun prazo de quince días desde a data da notificación para presentar cantas alegacións, documentos ou informacións coide convenientes.

Sen prexuízo da solicitude dos informes que a autoridade competente xulgue necesarios para resolver, con carácter previo á redacción da proposta de resolución efectuarase o trámite de audiencia nos termos establecidos no artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e deberá ditarse e notificarse a oportuna resolución no prazo máximo de tres meses desde a data do acordo de iniciación.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> NORMAS XERAIS SOBRE OS REXISTROS

##### Artigo 9. *Rexistro de Empresas Acreditadas.*

1. Consonte o previsto no artigo 6 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, existirá un Rexistro de Empresas Acreditadas, de natureza administrativa e carácter público, que dependerá da autoridade laboral.

Para efectos do Rexistro de Empresas Acreditadas, enténdese por autoridade laboral competente a correspondente ao territorio da comunidade autónoma onde radique o domicilio da empresa contratista ou subcontratista.

2. Así mesmo, existirá cadanseu Rexistro de Empresas Acreditadas na Cidade de Ceuta e na Cidade de Melilla, dependentes da autoridade laboral da Administración xeral do Estado; neles inscribíranse as empresas contratistas e subcontratistas cuxo domicilio radique nalgũa desas cidades.

##### Artigo 10. *Finalidade, funcións e relacións entre os rexistros de empresas acreditadas.*

1. O Rexistro de Empresas Acreditadas terá como finalidade garantir o acceso aos datos existentes nel. Para tal efecto, o órgano encargado do seu mantemento terá as seguintes funcións:

a) Tramitar os procedementos relativos ás solicitudes de inscrición e renovación, as comunicacións de variación de datos e solicitudes de cancelación, cumprindo as formalidades e requisitos establecidos neste real decreto.

b) Expedir as certificacións sobre as inscricións rexistradas existentes en calquera rexistro relativas ás empresas contratistas e subcontratistas, por solicitude destas ou de calquera outra persoa física ou xurídica, entidade ou organismo, público ou privado.

c) Dar acceso público aos datos existentes en calquera dos rexistros de empresas acreditadas, coa excepción dos referentes á intimidade das persoas.

d) A custodia e conservación da documentación achegada pola empresa.

e) Calquera outra que se lle atribúa.

2. As relacións entre as autoridades laborais rexeranse polo principio de cooperación e de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os datos que consten nos rexistros incorporaranse a unha base de datos cuxa xestión lle corresponderá ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais. A configuración desta base de datos deberá permitir que desde calquera dos rexistros se poida realizar a consulta e dar acceso público aos datos incorporados a estes, coa excepción dos referentes á intimidade das persoas igualmente, deberá garantir que as certificacións solicitadas aos rexistros se expidan no lapso máis breve posible e, en todo caso, dentro do prazo establecido no artigo 6.4.

A xestión dos datos existentes nos rexistros de empresas acreditadas levarase a cabo de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal non poderán usarse para finalidades incompatibles con aquelas para as cales tales datos fosen recollidos.

### CAPÍTULO III

#### **Requisitos de calidade no emprego para as empresas contratistas e subcontratistas que interveñan en obras do sector da construción**

##### Artigo 11. *Porcentaxe mínima de traballadores contratados con carácter indefinido.*

1. As empresas que sexan contratadas ou subcontratadas habitualmente para a realización de traballos en obras do sector da construción deberán contar, nos termos que se establecen neste capítulo, cun número de traballadores contratados con carácter indefinido non inferior ao 30 por cento do seu cadro de persoal.

2. Para efectos do disposto neste artigo, entenderase que unha empresa contratista ou subcontratista é contratada ou subcontratada habitualmente para traballos en obras de construción cando concorran algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se dedique a actividades do sector da construción. Se se tratar de empresas de nova creación, e salvo que concorran os supostos previstos no artigo 44 da Lei do Estatuto dos traballadores, deberán cumprir o previsto neste artigo unha vez transcorrido o sexto mes natural completo do inicio da súa actividade.

b) Que durante os doce meses anteriores executase un ou máis contratos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 32/2006, do 18 de outubro, cuxa duración acumulada non sexa inferior aos seis meses.

3. Para efectos do cómputo da porcentaxe de traballadores contratados con carácter indefinido que se establece no punto 1, aplicaranse as seguintes regras:

a) Tomaranse como período de referencia os doce meses naturais completos anteriores ao momento do cálculo.

Non obstante, no suposto de empresas de nova creación a que se refire a alínea a) do número anterior tomaranse como período de referencia os meses naturais completos transcorridos desde o inicio da súa actividade ata o momento do cálculo, aplicando as regras seguintes en función do número de días que comprenda o período de referencia.

b) O cadro de persoal da empresa calcularase polo cociente que resulte de dividir por trescentos sesenta e cinco o número de días traballados por todos os traballadores por conta allea da empresa.

c) O número de traballadores contratados con carácter indefinido calcularase polo cociente que resulte de dividir por trescentos sesenta e cinco o número de días traballados por traballadores contratados con tal carácter, incluídos os fixos descontínuos.

d) Os traballadores a tempo parcial computaranse na mesma proporción que represente a duración da súa xornada de traballo respecto da xornada de traballo dun traballador a tempo completo comparable.

e) Para efectos do cómputo dos días traballados previsto nas alíneas anteriores, contabilizaranse tanto os días efectivamente traballados como os de descanso semanal, os permisos retribuídos e días festivos, as vacacións anuais e, en xeral, os períodos en que se manteña a obriga de cotizar.

### Artigo 12. *Formación de recursos humanos das empresas.*

1. De conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, as empresas deberán velar por que todos os traballadores que presten servizos nas obras teñan a formación necesaria e adecuada ao seu posto de traballo ou función en materia de prevención de riscos laborais, de forma que coñezan os riscos e as medidas para previlos.

2. Sen prexuízo da obriga legal do empresario de garantir a formación a que se refire o número anterior, os convenios colectivos sectoriais de ámbito estatal poderán establecer programas formativos e contidos específicos para os traballos de cada especialidade, incluídos os referidos ao persoal que exerce funcións de dirección.

3. A negociación colectiva sectorial de ámbito estatal poderá establecer un sistema de acreditación da formación recibida polo traballador en materia de prevención de riscos laborais no sector da construción, sempre que o citado sistema sexa único e teña validez no conxunto do sector e do territorio nacional.

4. Na falta de convenio colectivo, o requisito de formación dos recursos humanos a que se refire o artigo 4.2 a) da Lei 32/2006, do 18 de outubro, entenderase cumprido cando concorran as seguintes condicións:

a) Que a organización preventiva do empresario expida certificación sobre a formación específica impartida a todos os traballadores da empresa que presten servizos en obras de construción.

b) Que se acredite que a empresa conta con persoas que, de acordo co plan de prevención daquela, exercen funcións de dirección e recibiron a formación necesaria para integrar a prevención de riscos laborais no conxunto das súas actividades e decisións.

Esta formación poderase recibir en calquera entidade acreditada pola autoridade laboral ou educativa para impartir formación en materia de prevención de riscos laborais, deberá ter unha duración non inferior a dez horas e incluírá, polo menos, os seguintes contidos:

- 1.º Riscos laborais e medidas de prevención e protección no sector da construción.
- 2.º Organización da prevención e integración na xestión da empresa.
- 3.º Obrigas e responsabilidades.
- 4.º Custos da sinistralidade e rendibilidade da prevención.
- 5.º Lexislación e normativa básica en prevención.

## CAPÍTULO IV

### Libro de subcontratación

#### Artigo 13. *Obrigatoriedade do libro de subcontratación.*

Cada contratista, con carácter previo á subcontratación cun subcontratista ou traballador autónomo de parte da obra que teña contratada, deberá obter un libro de subcontratación habilitado que se axuste ao modelo que se insire como anexo III.

#### Artigo 14. *Habilitación do libro de subcontratación.*

1. O libro de subcontratación será habilitado pola autoridade laboral correspondente ao territorio en que se execute a obra. A habilitación consistirá na verificación de que o libro reúne os requisitos establecidos neste real decreto.

2. No caso de que un contratista necesite a habilitación dun segundo libro para unha mesma obra de construción, deberá presentarlle á autoridade laboral o libro anterior para xustificar o esgotamento das súas follas ou a súa deterioración. Nos casos en que fose requirida a presentación do libro a un proceso xudicial, solicitaráselle

á autoridade laboral a habilitación dunha copia legalizada deste con carácter previo á remisión do orixinal ao órgano xurisdiccional.

No caso de perda ou destrución do libro anterior ou outra circunstancia similar, tal feito xustificárase mediante declaración escrita do empresario ou do seu representante legal comprensiva da non presentación e probas de que dispoña, facéndose constar esa circunstancia na dilixencia de habilitación; posteriormente o contratista reproducirá no novo libro as anotacións efectuadas no anterior.

#### Artigo 15. *Contido do libro de subcontratación.*

1. O contratista deberá levar o libro de subcontratación en orde, ao día e consonte as disposicións contidas na Lei 32/2006, do 18 de outubro, e neste real decreto.

2. No citado libro o contratista deberá reflectir, por orde cronolóxica desde o comezo dos traballos, e con anterioridade ao inicio destes, todas e cada unha das subcontratacións realizadas na obra con empresas subcontratistas e traballadores autónomos incluídos no ámbito de execución do seu contrato, contendo todos os datos que se establecen no modelo incluído no anexo III deste real decreto e no artigo 8.1 da Lei 32/2006, do 18 de outubro.

#### Artigo 16. *Obrigas e dereitos relativos ao libro de subcontratación.*

1. O contratista deberá conservar o libro de subcontratación na obra de construción ata a completa terminación do encargo recibido do promotor. Así mesmo, deberán conservar durante os cinco anos posteriores á finalización da súa participación na obra.

2. Con ocasión de cada subcontratación, o contratista deberá proceder do seguinte modo:

a) En todo caso, deberalle comunicar a subcontratación anotada ao coordinador de seguranza e saúde, con obxecto de que este dispoña da información e llela transmita ás demais empresas contratistas da obra, caso de existiren, para os efectos de que, entre outras actividades de coordinación, estas poidan dar cumprimento ao disposto en artigo 9.1 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, en canto á información aos representantes dos traballadores das empresas das súas respectivas cadeas de subcontratación.

b) Tamén en todo caso deberá comunicarlles a subcontratación anotada aos representantes dos traballadores das diferentes empresas incluídas no ámbito de execución do seu contrato que figuren identificados no libro de subcontratación.

c) Cando a anotación efectuada supoña a ampliación excepcional da subcontratación prevista no artigo 5.3 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, ademais do previsto nas dúas alíneas anteriores, o contratista deberao pór en coñecemento da autoridade laboral competente mediante a remisión, no prazo dos cinco días hábiles seguintes á súa aprobación pola dirección facultativa, dun informe desta no cal se indiquen as circunstancias da súa necesidade e dunha copia da anotación efectuada no libro de subcontratación.

3. Nas obras de edificación a que se refire a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, unha vez finalizada a obra, o contratista entregarlle ao director de obra unha copia do libro de subcontratación debidamente cuberto, para que o incorpore ao libro do edificio. O contratista conservará no seu poder o orixinal.

Disposición adicional primeira. *Desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.*

As empresas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto que despracen traballadores a España en virtude do previsto na Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, deberán cumprir o previsto neste real decreto coas seguintes peculiaridades:

a) Acreditarán a observancia dos requisitos previstos no artigo 4.2 a) da Lei 32/2006, do 18 de outubro, mediante documentación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas nas normas nacionais de transposición dos artigos 7 e 12 da Directiva 89/391/CEE do Consello, do 12 de xuño de 1989, relativa á aplicación de medidas para promover a mellora da seguranza e da saúde dos traballadores no traballo.

b) Deberán inscribirse no rexistro dependente da autoridade laboral no territorio da cal se vaia levar a cabo a súa primeira prestación de servizos en España.

Para tal efecto, a primeira comunicación que realicen segundo o artigo 5 da Lei 45/1999, do 29 de novembro, terá o carácter de solicitude de inscrición, á que se xuntará unha declaración conforme o modelo establecido no anexo I.A. A solicitude así formulada permitiralle provisoriamente á empresa intervir no proceso de subcontratación ata a data da inscrición ou denegación.

A solicitude poderá remitirse ou presentarse en calquera dos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Malia o previsto nesta alínea, non será necesaria a inscrición no rexistro cando a duración do desprazamento non exceda os oito días.

c) Unha vez efectuada a inscrición, as comunicacións relativas a desprazamentos sucesivos deberán incluír, xunto cos datos legalmente exixidos, o número de inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas.

Disposición adicional segunda. *Asimilación do concepto de promotor ao de contratista en supostos especiais e exclusións.*

1. Para efectos das obrigas e responsabilidades establecidas en relación co libro de subcontratación, cando o promotor contrate directamente traballadores autónomos para a realización da obra ou de determinados traballos desta, terá a consideración de contratista.

2. O disposto no punto anterior non será de aplicación cando a actividade contratada se refira exclusivamente á construción ou reparación que poida contratar un cabeza de familia respecto da súa vivenda.

Disposición adicional terceira. *Adaptación dos modelos polas autoridades laborais.*

1. Os modelos previstos no anexo I recollen o contido mínimo das solicitudes de inscrición, renovación e cancelación e das comunicacións de variación de datos, podendo ser adaptados polas autoridades laborais ás súas necesidades específicas e ás linguas oficiais das comunidades autónomas.

2. Naquelas comunidades autónomas con dúas linguas oficiais, o libro de subcontratación poderá editarse en versión bilingüe.

Disposición adicional cuarta. *Colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as comunidades autónomas.*

1. Para efectos do previsto no artigo 4.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as comunidades autónomas elaborarán un

protocolo de colaboración para o funcionamento dos rexistros de empresas acreditadas. Ese protocolo garantirá a adecuada intercomunicación dos rexistros e o acceso público aos datos contidos en calquera deles desde o rexistro de calquera autoridade laboral.

2. Para os mesmos efectos sinalados no número anterior, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e as comunidades autónomas colaborarán con obxecto de lles facilitar ás empresas establecidas na Unión Europea e o Espazo Económico Europeo o desprazamento de traballadores no marco de prestacións de servizos transnacionais. Con tal fin, poderán crear modelos de solicitude na lingua oficial daqueles Estados cuxas empresas se despracen con maior frecuencia a España.

Disposición adicional quinta. *Libro rexistro nas obras de construción.*

De conformidade co disposto no artigo 8.3 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, a obriga da empresa principal de dispoñer dun libro rexistro no cal se reflicta a información sobre as empresas contratistas e subcontratistas que compartan de forma continuada un mesmo centro de traballo, establecida no artigo 42.4 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, entenderase cumprida nas obras de construción incluídas no ámbito de aplicación da referida Lei 32/2006, do 18 de outubro, mediante a disposición e mantemento do libro de subcontratación por cada empresa contratista, nos termos previstos neste real decreto.

Disposición adicional sexta. *Avaliación das disposicións deste real decreto.*

No prazo de tres anos desde a entrada en vigor deste real decreto, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, tras consulta previa ás comunidades autónomas e ás organizacións empresariais e sindicais máis representativas no sector da construción, avaliará o funcionamento das disposicións deste real decreto, co obxecto de valorar a necesidade da súa modificación.

Disposición transitoria primeira. *Inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas.*

1. A obriga de inscrición no Rexistro de Empresas Acreditadas prevista no artigo 3 deste real decreto só poderá exixirse despois de que transcorresen doce meses desde a súa entrada en vigor.

Para estes efectos, as empresas que desexen acreditarse durante o mencionado período, unicamente poderán solicitar a súa inscrición a partir do momento en que a autoridade laboral competente crease o correspondente rexistro.

2. Ata que se practique a inscrición, as empresas comitentes poderán comprobar o cumprimento polas súas empresas contratistas ou subcontratistas das obrigas previstas nos puntos 1 e 2 a) do artigo 4 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, xuntando ao contrato de execución de obra unha declaración subscripta polo empresario ou o seu representante legal relativa ao cumprimento destes requisitos, así como documentación acreditativa de que a empresa conta cunha organización preventiva e certificación de que o seu persoal dispón de formación en materia de prevención de riscos laborais.

3. En todo caso, os requisitos exixidos aos contratistas e subcontratistas no artigo 4 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, non serán de aplicación ás obras de construción cuxa execución se iniciase con anterioridade ao 19 de abril de 2006.



Disposición transitoria segunda. *Cómputo transitorio da porcentaxe mínima de traballadores contratados con carácter indefinido.*

1. Durante os doce meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto, para o cómputo da porcentaxe mínima de traballadores contratados con carácter indefinido tomaranse como período de referencia os meses naturais completos transcorridos desde a entrada en vigor ata o momento do cálculo, aplicando as regras previstas no artigo 11.3 en función do número de días que comprenda o período de referencia. En todo caso, o período de referencia non poderá ser inferior a seis meses naturais completos.

2. A porcentaxe mínima de traballadores indefinidos a que se fai referencia no artigo 11 exixirase segundo a seguinte escala:

a) O 10 por cento, desde a entrada en vigor deste real decreto ata o 19 de outubro de 2008.

b) O 20 por cento, desde o 20 de outubro de 2008 ata o 19 de abril de 2010.

c) O 30 por cento, a partir do 20 de abril de 2010.

Disposición transitoria terceira. *Libro de subcontratación.*

Sen prexuízo do previsto no capítulo IV deste real decreto sobre o libro de subcontratación, as empresas contratistas poderán seguir utilizando o sistema de documentación previsto na disposición transitoria segunda da Lei 32/2006, do 18 de outubro, durante o prazo dos tres meses seguintes á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo da disposición derradeira segunda da Lei 32/2006, do 18 de outubro, e consonte o previsto no artigo 149.1.7<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais, co informe previo da Comisión Nacional de Seguranza e Saúde no Traballo, para ditar cantas disposicións sexan

necesarias para a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Modificacións do Real decreto 1627/1997, do 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguranza e saúde nas obras de construción.*

1. O número 4 do artigo 13 do Real decreto 1627/1997, do 24 outubro, queda redactado nos seguintes termos:

«4. Efectuada unha anotación no libro de incidencias, o coordinador en materia de seguranza e saúde durante a execución da obra ou, cando non sexa necesaria a designación de coordinador, a dirección facultativa, deberánlle notificar ao contratista afectado e mais aos representantes dos traballadores deste. No caso de que a anotación se refira a calquera incumprimento das advertencias ou observacións previamente anotadas no devandito libro polas persoas facultadas para iso, así como no suposto a que se refire o artigo seguinte, deberá remitirse unha copia á Inspección de Traballo e Seguridade Social no prazo de vinte e catro horas. En todo caso, deberá especificarse se a anotación efectuada supón unha reiteración dunha advertencia ou observación anterior ou se, pola contra, se trata dunha nova observación.»

2. O número 2 do artigo 18 do Real decreto 1627/1997, do 24 outubro, queda redactado nos seguintes termos:

«2. O aviso previo redactarase de acordo co disposto no anexo III deste real decreto e deberá exporse na obra de forma visible; actualizarase no caso de que se incorporen á obra un coordinador de seguranza e saúde ou contratistas non identificados no aviso inicialmente remitido á autoridade laboral.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 24 de agosto de 2007.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

## ANEXO I

## Modelos de declaración empresarial ante o Rexistro de Empresas Acreditadas

## A. Modelo de solicitude de inscrición ou renovación

Solicitude de: <input type="checkbox"/> Inscrición <input type="checkbox"/> Renovación	<b>REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS</b> <b>SECTOR DA CONSTRUCCIÓN</b> <b>(Lei 32/2006, do 18 de outubro)</b>	Comunidade Autónoma de ..... (Rexistro de entrada)
<b>SOLICITUDE DE INSCRICIÓN/RENOVACIÓN</b>		
<b>DATOS DA EMPRESA SOLICITANTE</b>		
Nome ou razón social		Núm. inscrición REA
Domicilio		
Localidade	Provincia	País
NIF	Código de cotización principal	CNAE
<p>D./D<sup>a</sup>. ....., con DNI..... e domicilio para efectos de notificación en ....., da localidade d ....., provincia d ....., país ... ..          ...., sinalando como medio preferente para efectos de notificación (márquese ou cúbrase o que proceda)</p> <input type="checkbox"/> Servizo postal ao domicilio indicado <input type="checkbox"/> Fax (prefixo e número) ..... <input type="checkbox"/> Outros (indicar) .....		
<p>e actuando en nome e representación da empresa cuxos datos constan máis arriba (1), comparece ante o Rexistro de Empresas Acreditadas do sector da construción arriba indicado e</p> <p style="text-align: center;"><b>DECLARA:</b></p> <p>1º. Que a empresa cuxos datos figuran arriba non está inscrita noutro Rexistro de Empresas Acreditadas e ten intención de realizar actividades incluídas no ámbito de aplicación da Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción, e intervir no proceso de subcontratación en obras de construción situadas no territorio.</p> <p>2º. Que a dita empresa cumpre con todos os requisitos establecidos nos puntos 1 e 2.a) do artigo 4 da citada Lei 32/2006 e, polo tanto, posúe unha organización produtiva propia, conta cos medios materiais e persoais necesarios, que se compromete a utilizar nas obras cuxa execución contrate, asumindo os riscos, obrigas e responsabilidades correspondentes e exercendo directamente as súas facultades de organización e dirección dos traballos nas obras; que dispón de recursos humanos, no seu nivel directivo e produtivo, que contan coa formación necesaria en prevención de riscos laborais, e dunha organización preventiva adecuada á lexislación vixente; e que se compromete a manter eses requisitos durante o exercicio da actividade.</p> <p>3º. Que, para estes efectos, son certos os datos consignados nas catro follas de que consta esta solicitude e auténticos os documentos acreditativos que se xuntan a ela, polo que</p> <p>SOLICITA á autoridade laboral que teña por presentada esta solicitude, cos documentos a acompañan, e resolva outorgar A INSCRICIÓN/A RENOVACIÓN (rísquese o que non proceda) desta empresa no Rexistro de Empresas Acreditadas para actuar no sector da construción.</p> <p style="text-align: center;">....., ..... de..... de.....</p> <p style="text-align: center;">Asdo.: .....</p>		



**CARACTERÍSTICAS XERAIS DA EMPRESA SOLICITANTE**

- Descrición detallada da actividade que realizará en obras de construción:

---

---

---

---

- Descrición da organización produtiva que posúe:

---

---

---

---

---

---

---

---

- Relación de medios materiais de que dispón para iso (locais, instalacións, equipos de traballo, etc.):

---

---

---

---

---

---

---

---

- Descrición dos medios persoais de que dispón (cadro de persoal actual, número por ocupacións e niveis de cualificación profesional):

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

**CARACTERÍSTICAS PREVENTIVAS DA EMPRESA SOLICITANTE****ORGANIZACIÓN DA EMPRESA EN MATERIA DE PREVENCIÓN (2)**

Recursos propios	<input type="checkbox"/> Servizo de prevención propio <input type="checkbox"/> Servizo de prevención mancomunado <input type="checkbox"/> Traballador/es designado/s <input type="checkbox"/> Asunción persoal polo empresario
Recursos alleos	<input type="checkbox"/> Servizo/s de prevención alleo/s

**FORMACIÓN PREVENTIVA DOS SEUS RECURSOS HUMANOS**

Especificar os niveis de formación en prevención de riscos laborais dos seus recursos humanos (3):

- Directivos (indicando por grupos de ocupación habitual o seu nivel formativo):

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

- Operarios de obra (indicando por grupos de ocupación habitual su nivel formativo):

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---

### INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE

Deberase presentar a seguinte documentación, segundo proceda:

- (1) Cando se actúe mediante representación: escritura de poder notarial que habilite o asinante para a presentación desta declaración ou acreditación da vontade do declarante por calquera medio admitido en dereito. No caso de empresas non establecidas en España, será válida a remisión de copia.
- (2) Deberase presentar a documentación acreditativa da organización preventiva da empresa: acta de designación suscrita pola empresa e o/os traballador/es designado/s; acta de constitución do servizo de prevención propio; acta de constitución do servizo de prevención mancomunado e de adhesión a este da empresa; concerto ou concertos formalizados con entidades especializadas acreditadas para iso.
- (3) Deberanse anexar os correspondentes certificados acreditativos da formación.

### RELACIÓN DE DOCUMENTOS QUE ACOMPAÑAN A SOLICITUDE

- Escritura de poder notarial ou outro medio de acreditación da representación.
- Certificados acreditativos da formación preventiva de (especificar nº) ..... traballadores/directivos.
- Acta/s de designación do/s traballador/es designado/s.
- Acta de constitución do servizo de prevención propio.
- Acta de constitución do servizo de prevención mancomunado.
- Acta de adhesión da empresa ao servizo de prevención mancomunado.
- Concerto ou concertos formalizados con entidades especializadas acreditadas como servizos de prevención alleos.
- 
- 

Data e sinatura do empresario

Se é o caso, sinatura do representante

O prazo máximo para practicar a inscrición ou para resolver a súa denegación é de quince días, contados a partir da entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, notificándose nos dez días seguintes. Transcorrido este prazo sen que recaese resolución denegatoria, poderase solicitar certificación relativa á inscrición da empresa no rexistro.

**PROTECCIÓN DE DATOS.-** Para os efectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, queda informado de que os datos consignados no punto "datos da empresa solicitante" (páx. 1) serán incorporados a un rexistro de consulta pública. Respecto dos citados datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na indicada Lei orgánica 15/1999.

(Espazo reservado para a Administración)



B. Modelo de comunicación de variación de datos

<b>REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS SECTOR DA CONSTRUCIÓN (Lei 32/2006, do 18 de outubro)</b>		Comunidade Autónoma de .....  (Registro de entrada)
<b>COMUNICACIÓN DE VARIACIÓN DE DATOS</b>		
<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA EMPRESA</b>		
Nome ou razón social		Núm. inscrición REA
Domicilio		
Localidade	Provincia	País
NIF	Código de cotización principal	CNAE
<b>DATOS QUE SE MODIFICAN DA EMPRESA</b>		
D./D <sup>a</sup> . ...., con DNI..... e domicilio para efectos de notificación en ....., da localidade d ....., provincia d ....., país ... .. ...., sinalando como medio preferente para efectos de notificación (márquese ou cúbrase o que proceda)		
<input type="checkbox"/> Servizo postal ao domicilio indicado <input type="checkbox"/> Fax (prefixo e número) ... .. <input type="checkbox"/> Outros (indicar) ... ..		
e actuando en nome e representación da empresa cuxos datos constan máis arriba (1), comparece ante o Rexistro de Empresas Acreditadas do sector da construción arriba indicado e, de conformidade co previsto no artigo 3.2 do Real decreto,		
<b>COMUNICA:</b>		
Que os datos de identificación que figuran no rexistro respecto da empresa arriba indicada variaron, e que a devandita modificación afecta os datos que se insiren a seguir:		
Data e sinatura do empresario	Se é o caso, sinatura do representante   (Neste caso, deberase xuntar acreditación da representación)	
<b>PROTECCIÓN DE DATOS.-</b> Para os efectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, queda informado de que os datos consignados no punto “datos que se modifican da empresa” serán incorporados a un rexistro de consulta pública. Respecto dos citados datos, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na indicada Lei orgánica 15/1999.		
1/1		

## C. Modelo de solicitude de cancelación

<b>REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS SECTOR DA CONSTRUCIÓN (Lei 32/2006, do 18 de outubro)</b>		Comunidade Autónoma de .....  (Registro de entrada)
<b>SOLICITUDE DE CANCELACIÓN DE INSCRICIÓN</b>		
<b>DATOS IDENTIFICATIVOS DA EMPRESA</b>		
Nome ou razón social		Núm. inscrición REA
Domicilio		
Localidade	Provincia	País
NIF	Código de cotización principal	CNAE
<p>D./D<sup>a</sup>. ...., con DNI..... e domicilio para efectos de notificación en ....., da localidade d ....., provincia d ....., país ... .., sinalando como medio preferente para efectos de notificación (márquese o cúbrase o que proceda)</p> <p><input type="checkbox"/> Servizo postal ao domicilio indicado</p> <p><input type="checkbox"/> Fax (prefixo e número) ... ..</p> <p><input type="checkbox"/> Outros (indicar) ... ..</p> <p>e actuando en calidade de empresario/en nome e representación da empresa cuxos datos constan máis arriba (1), comparece ante o Rexistro de Empresas Acreditadas do sector da construción dependente da autoridade laboral de ..... e</p> <p>SOLICITA da autoridade laboral que teña por presentada esta solicitude e proceda á CANCELACIÓN DA INSCRICIÓN desta empresa no Rexistro de Empresas Acreditadas.</p> <p style="text-align: center;">....., ..... de..... de.....</p> <p style="text-align: center;">Asdo.: .....</p>		
Data e sinatura do empresario     	Se é o caso, sinatura do representante     (Neste caso, deberase xuntar acreditación da representación)	
PROTECCIÓN DE DATOS.- Para os efectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, queda informado de que os datos consignados no punto "datos identificativos da empresa" serán incorporados a un rexistro de consulta pública. Respecto dos citados datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na indicada Lei orgánica 15/1999.		
1/1		

**ANEXO II****Táboa de asignación de díxitos das autoridades laborais competentes para a clave individualizada de identificación rexistral.**

Autoridade laboral	Díxitos
Andalucía .....	01
Aragón .....	02
Principado de Asturias .....	03
Illes Balears .....	04
Canarias .....	05
Cantabria .....	06
Castilla-La Mancha .....	07
Castilla y León .....	08
Cataluña .....	09
Extremadura .....	10
Galicia .....	11
Comunidad de Madrid .....	12
Región de Murcia .....	13
Navarra .....	14
País Vasco .....	15
La Rioja .....	16
Comunitat Valenciana .....	17
Ciudad de Ceuta .....	18
Ciudad de Melilla .....	19



**ANEXO III****Modelo do libro de subcontratación***Características de edición*

Os libros de subcontratación terán dimensións UNE A-4 210 x 297 e a composición que figura nos formatos deste anexo III que comprende: o modelo de portada, a contraportada sobre normativa reguladora e instrucións para cubrir, a primeira páxina de identificación e habilitación, e o modelo de cada unha das follas numeradas. As follas destinadas ás anotacións para efectuar neles serán dez, estarán numeradas correlativamente e irán seladas pola empresa contratista titular do libro. Cada unha das dez follas debe ser duplicada de forma autocopiativa para efectos de que a copia duplicada lle sexa remitida polo contratista, cando proceda, á autoridade laboral competente.

**(Portada)**

# LIBRO DE SUBCONTRATACIÓN

**Lei 32/2006, do 18 de outubro**

## (Contraportada) NORMATIVA LEGAL E REGULAMENTARIA RELACIONADA CO LIBRO DE SUBCONTRATACIÓN

### A) Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE do 19; suplemento en lingua galega núm. 14, do 1 de novembro):

- "Artigo 8. Documentación da subcontratación.
1. En toda obra de construción, incluída no ámbito de aplicación desta lei, cada contratista deberá dispor dun libro de subcontratación. Neste libro, que deberá permanecer en todo momento na obra, deberán reflectir, por orde cronolóxica desde o comezo dos traballos, todas e cada unha das subcontratacións realizadas nũa determinada obra con empresas subcontratistas e traballadores autónomos, o seu nivel de subcontratación e empresa contratante, o obxecto do seu contrato, a identificación da persoa que exerce as facultades de organización e dirección de cada subcontratista e, se é o caso, dos representantes legais dos traballadores, as respectivas datas de entrega da parte do plan de segurancia e saúde que adicte cada empresa subcontratista e traballador autónomo, así como as instrucións elaboradas polo coordinador de segurancia e saúde para marcar a dinámica e desenvolvemento do procedemento de coordinación establecido, e as anotacións efectuadas pola dirección facultativa sobre a súa aprobación de cada subcontratación excepcional das previstas no artigo 5.3 desta lei.
- Ao libro de subcontratación terán acceso o promotor, a dirección facultativa, o coordinador de segurancia e saúde en fase de execución da obra, as empresas e traballadores autónomos intervinientes na obra, os técnicos de prevención, os delegados de prevención, a autoridade laboral e os representantes dos traballadores das diferentes empresas que intervieran na execución da obra.
2. Así mesmo, cada empresa deberá dispor da documentación ou título que acredite a posesión da maquinaria que utiliza, e de canta documentación sexa exixida polas disposicións legais vixentes.
3. Regulamentarmente determinarase as condicións do libro de subcontratación a que se refire o número 1, en canto ao seu réxime de habilitación, pola autoridade laboral autonómica competente, así como o contido e obrigas e dereitos derivados deste, ao mesmo tempo que se procederá a unha revisión das distintas obrigas documentais aplicables ás obras de construción con obxecto de lograr a súa unificación e simplificación".
- "Artigo 5. Réxime da subcontratación.
1. A subcontratación, como forma de organización produtiva, non poderá ser limitada, salvo nas condicións e nos supostos previstos nesta lei.
2. Con carácter xeral, o réxime da subcontratación no sector da construción será o seguinte:
- a) O promotor poderá contratar directamente con cantos contratistas considere oportuno, xa sexan persoas físicas ou xurídicas.

### B) Real decreto \_\_\_\_/2007, do \_\_\_\_ de \_\_\_\_, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE do \_\_\_\_ de \_\_\_\_; suplemento en lingua galega núm. 23, do 1 de setembro):

- "Artigo 13. Obrigatoriedade do libro de subcontratación.
- Cada contratista, con carácter previo á subcontratación, cun subcontratista ou traballador autónomo de parte da obra que teña contratada, deberá obter un libro de subcontratación habilitado que se axuste ao modelo que se insire como anexo III.
- Artigo 14. Habilitación do libro de subcontratación.
1. O libro de subcontratación será habilitado pola autoridade laboral correspondente ao territorio en que se execute a obra. A habilitación consistirá na verificación de que o libro reúne os requisitos establecidos neste real decreto.
2. No caso de que un contratista necesite a habilitación dun segundo libro para unha mesma obra de construción, deberá presentarlle á autoridade laboral o libro anterior para xustificar o esgotamento das súas follas ou a súa deterioración. Nos casos en que fose requirida a achega do libro a un proceso xudicial, solicitaráselle á autoridade laboral a habilitación dunha copia legalizada desle con carácter previo a remisión do orixinal ao órgano xurisdiccional.
- No caso de perda ou destrución do libro anterior ou outra circunstancia similar, tal feito xustificarase mediante declaración escrita do empresario ou do seu representante legal comprensiva da non presentación e probas de que dispoña, facéndose constar esa circunstancia no rexistro de habilitación; posteriormente o contratista reproducirá no novo libro as anotacións efectuadas no anterior.
- Artigo 15. Contido do libro de subcontratación.
1. O contratista deberá levar o libro de subcontratación en orde, ao día e consonte as disposicións contidas na Lei 32/2006, do 18 de outubro, e neste real decreto.
2. No citado libro o contratista deberá reflectir, por orde cronolóxica desde o comezo dos traballos, e con anterioridade ao inicio destes, todas e cada unha das subcontratacións realizadas na obra con empresas subcontratistas e traballadores autónomos incluídos no ámbito de execución do seu contrato, contendo todos os datos que se establecen no modelo incluído no anexo III deste real decreto e no artigo 8.1 da Lei 32/2006, do 18 de outubro.
- Artigo 16. Obrigas e dereitos relativos ao libro de subcontratación.

### C) Texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto (BOE do 8 agosto; suplemento en lingua galega núm. 9, do 19 de agosto):

- "Artigo 11. Infraccións leves.
- (...) 6. Non dispor o contratista na obra de construción do libro de subcontratación exixido polo artigo 8 da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción".
- "Artigo 12. Infraccións graves.
- (...) 27. No ámbito da Lei reguladora da subcontratación no sector da construción, os seguintes incumprimentos do subcontratista:
- (...) a) Non comunicar os datos que lle permitan ao contratista levar en orde e ao día o libro de subcontratación exixido na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción.
- (...) 28. Consideráanse infraccións graves do contratista, de conformidade co previsto na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción:
- a) Non levar en orde e ao día o libro de subcontratación exixido, ou non facelo nos termos establecidos regulamentariamente.
- (...) d) A vulneración dos dereitos de información dos representantes dos traballadores sobre as contratacións e subcontratacións que se realicen na obra, e de acceso ao libro de subcontratación, nos termos establecidos na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción".
- ## INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O LIBRO
- (1) Nesta columna anotárase o número de orde correspondente ao asento da empresa que lle subcontratou os traballos á subcontratista deste asento, deixándose en branco en caso de que a comitente sexa a empresa contratista.
- (2) Nesta columna farase constar a actividade contratada por referencia a algun dos traballos incluídos no artigo 2 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, coa especificación adicional, de ser o caso, dalgun dos exemplos contidos na Guía técnica para a avaliación e prevención dos riscos relativos ás obras de construción elaborada polo Instituto Nacional de Segurancia e Hixiene no Traballo.
- (3) Nesta columna farase constar, de ser o caso, a referencia das follas do libro de incidencias ao plan de segurancia e saúde do contratista en que o coordinador de segurancia e saúde do contratista en fase de execución efectuase anotacións sobre as instrucións sobre o desenvolvemento do procedemento de coordinación establecido. Así mesmo, no caso de subcontratistas, indicarase o código do convenio colectivo de aplicación á devandita empresa.
- (4) Cando proceda, farase constar nesta columna a aprobación da subcontratación a que se refire o asento por parte da dirección facultativa, mediante a sinatura deste recadro e a indicación da súa data.

- b) O contratista poderá contratar coas empresas subcontratistas ou traballadores autónomos a execución dos traballos que contratase co promotor.
- c) O primeiro e segundo subcontratistas poderán subcontratar a execución dos traballos que, respectivamente, teñan contratados, teñan agás nos supostos previstos na alínea f) deste punto.
- d) O terceiro subcontratista non poderá subcontratar os traballos que contratase con outro subcontratista ou traballador autónomo.
- e) O traballador autónomo non poderá subcontratar os traballos a el encomendados, nin a outras empresas subcontratistas nin a outros traballadores autónomos.
- f) Así mesmo, tampouco poderán subcontratar os subcontratistas, cuxa organización produtiva posta en uso na obra consista fundamentalmente na achega de man de obra, enténdendose por tal a que para a realización da actividade contratada non utiliza máis equipamentos de traballo propios que as ferramentas manuais, incluídas as motorizadas portátiles, aínda que contien co apoio doutros equipamentos de traballo distintos dos sinalados, sempre que estes pertencen a outras empresas, contratistas ou subcontratistas, da obra.
3. Malia o disposto no punto anterior, cando en casos fortuitos debidamente xustificados, por exxencias de especialización dos traballos, complicacións técnicas da produción ou circunstancias de forza maior polas cales poidan atravesar os axentes que intervieran na obra, for necesario, ao xuízo da dirección facultativa, a contratación dalgũa parte da obra con terceiros, excepcionalmente poderase estender a subcontratación establecida no punto anterior nun nivel adicional, sempre que a dirección facultativa faga constar a súa aprobación previa e a causa ou causas motivadoras dela no libro de subcontratación a que se refire o artigo 7 desta lei.
- Non se aplicará a ampliación excepcional da subcontratación prevista no parágrafo anterior nos supostos recollidos nas alíneas e) e f) do punto anterior, salvo que a circunstancia motivadora sexa a de forza maior.

4. O contratista deberá pór en coñecemento do coordinador de segurancia e saúde e dos representantes dos traballadores das diferentes empresas incluídas no ámbito de execución do seu contrato, que figuren relacionados no libro de subcontratación, a subcontratación excepcional prevista no punto anterior.
- Así mesmo, deberá pór en coñecemento da autoridade laboral competente a indicada subcontratación excepcional mediante a remisión, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao da súa aprobación, dun informe no cal se indiquen as circunstancias da súa necesidade e dunha copia da anotación efectuada no libro de subcontratación".

### B) Real decreto \_\_\_\_/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción

1. O contratista deberá conservar o libro de subcontratación na obra de construción ata a completa terminación do encargo recibido do promotor. Así mesmo, deberáo conservar durante os cinco anos posteriores á finalización da súa participación na obra.
2. Con ocasión de cada subcontratación, o contratista deberá proceder do seguinte modo:
- a) En todo caso, deberálle comunicar á subcontratación anotada ao coordinador de segurancia e saúde, con obxecto de que este dispoña da información e lla transmita ás demais empresas contratistas da obra, caso de existir, para efectos de que, entre outras actividades de coordinación, estas poidan dar cumprimento ao disposto no artigo 9.1 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, en canto a información aos representantes dos traballadores das empresas das súas respectivas cadeas de subcontratación.
- b) Tamén en todo caso deberá comunicarlle a subcontratación anotada aos representantes dos traballadores das diferentes empresas incluídas no ámbito de execución do seu contrato que figuren identificados no libro de subcontratación.
- c) Cando a anotación efectuada supoña a ampliación excepcional da subcontratación prevista no artigo 5.3 da Lei 32/2006, do 18 de outubro, ademais do previsto nas dúas alíneas anteriores, o contratista deberá pór en coñecemento da autoridade laboral competente mediante a remisión, no prazo dos cinco días hábiles seguintes á súa aprobación pola dirección facultativa, dun informe desta no cal se indiquen as circunstancias da súa necesidade e dunha copia da anotación efectuada no libro de subcontratación.
3. Nas obras de edificación a que se refire a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, unha vez finalizada a obra, o contratista entregarelle ao director de obra unha copia do libro de subcontratación debidamente cuberto, para que o incorpore ao libro do edificio. O contratista conservará no seu poder o orixinal".

- (...) 28. Consideráanse infraccións graves do contratista, de conformidade co previsto na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción:
- a) Non levar en orde e ao día o libro de subcontratación exixido, ou non facelo nos termos establecidos regulamentariamente.
- (...) d) A vulneración dos dereitos de información dos representantes dos traballadores sobre as contratacións e subcontratacións que se realicen na obra, e de acceso ao libro de subcontratación, nos termos establecidos na Lei reguladora da subcontratación no sector da construción".

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE \_\_\_\_\_

## LIBRO DE SUBCONTRATACIÓN

DATOS IDENTIFICATIVOS DA OBRA			
Promotor		NIF	
Contratista		NIF	
Dirección facultativa		NIF	
Coordinador de seg. e saúde en fase de execución		NIF	
Domicilio da obra		Localidade	
Referencia do aviso previo da obra		Núm. inscrición REA	
Número de orde da última anotación efectuada no libro de subcontratación anterior do mesmo contratista nesta obra, caso de existir			
Causa da non disposición do libro anterior, caso de existir (marcar a que proceda)			
		<input type="checkbox"/> Perda	<input type="checkbox"/> Destrucción

DILIXENCIA DE HABILITACIÓN
<p><b>D/D.<sup>a</sup></b> ..... , na súa condición de autoridade laboral competente, como titular da ..... da Comunidade Autónoma de referencia,</p> <p><b>CERTIFICO:</b> que no día da data procedín a habilitar, de conformidade coas disposicións vixentes, este libro de subcontratación, correspondente ao contratista da obra de construción cuxos datos de identificación figuran máis arriba, e que consta de 10 follas numeradas e duplicadas.</p> <p style="text-align: right;">..... de ..... de .....</p> <p style="text-align: right;"><b>SELO AUTORIDADE LABORAL</b></p> <div style="border: 1px solid black; width: 100px; height: 50px; margin-left: auto; margin-right: auto;"></div> <p style="text-align: right;">Asdo.:.....</p>



**LIBRO DE SUBCONTRATACIÓN**

Folla nº 1

<b>A) DATOS IDENTIFICATIVOS DA OBRA</b>	
<b>Promotor</b>	NIF
<b>Contratista</b>	NIF
<b>Domicilio da obra</b>	Localidade

<b>B) REGISTRO DE SUBCONTRATACIONES</b>											
N.º orde	Empresa subcontratista ou traballador autónomo / NIF	Nivel de subcontratación	N.º orde do comitente (1)	Data comezo traballos/ Duración prevista	Obxecto do contrato (2)	Responsable de dirección traballos / Representantes dos traballadores	Data entrega plan de seg. e saúde/N.º previsto de traballadores ocupados	Referencia de instrucións do coordinador / Código de convenio colectivo aplicable (3)	Sinatura do subcontratista ou traballador autónomo	Aprobación da dirección facultativa (4)	Data remate traballos

(\*) Notas nas INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O LIBRO de contraportada do libro de subcontratación.

SINATURA E SELO DA EMPRESA CONTRATISTA